UNIVERSIDADE
DE VIGO

MEMORIA

otri Oficina de I+D

2008

ÍNDICE

Páx.

1. **A OFICINA DE I+D** 1

   1.1. Equipo humano e Organigrama 1

2. **ACTIVIDADES CONTRATADAS** 2

   2.1. Actividades de I+D+i 2

   2.2. Tipos de clientes 6

   2.3. Convenios de I+D colaborativa 8

3. **PROXECTOS INTERNACIONAIS DE I+D** 8

   3.1. O Programa Marco de I+D da Unión Europea 8

   3.2. Programas Europeos de Desenvolvemento Rexional e do Fondo Social Europeo 10

4. **PROPIEDADE INDUSTRIAL** 11

   4.1. Patentes 11

   4.2. Contratos de Licenza 12

5. **A UNIDADE DE CULTURA CIENTÍFICA (UCC)** 13

6. **EMPRESAS DE BASE TECNOLÓXICA** 14

   6.1. Empresa-Concepto 14

7. **TABLA RESUMEN DE INDICADORES DE RESULTADO** 15

8. **ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN TECNOLÓXICA** 16

   8.1. Semana da Ciencia na Universidade de Vigo 16

   8.2. Elaboración da Oferta Científico-Tecnolóxica da Universidade de Vigo 16

   8.3. Edición de Material Informativo de Productos/Servizos 16

   8.4. Oferta Monográfica de Áreas Científico-Tecnolóxicas Específicas 17

   8.5. Feiras 17

   8.6. Asesoramento Empresarial. Información e difusión 18

   8.7. Demanda de servizos 19

9. **PYMERA** 19

10. **CONVENIOS E PROXECTOS DA OFICINA DE I+D** 20

11. **ACTUACIÓNS NA REDE OTRI** 21

11.1. Participación na Comisión Permanente 21

11.2. Participación en Grupos de Traballo de RedOTRI: Contratos de I+D, Proxectos Europeos e Spin-off 22

11.3. Participación no Plan de Formación de Red OTRI 22

11.4. Poñentes en cursos de RedOTRI 23

11.5. Conferencia Anual de RedOTRI 23

12. **RELACIÓNS INTERNACIONAIS DA OFICINA DE I+D** 24

12.1. Proton Europe 24

12.2. Proxecto Tempus "STIMU" con Marrocos 24

12.3. Outros proxectos Internacionais 24

13. **PARTICIPACIÓN E ORGANIZACIÓN DE XORNADAS, SEMINARIOS E EVENTOS** 25

13.1. Actividades Organizadas ou con Participación da Oficina I+D 25

13.2. Impartición de Conferencias 26

13.3. Actividades de Formación 26

13.4. Asistencia a Xornadas, Foros, etc 27

14. **ANEXOS** 29

ANEXO 1. Relación de Actividades Contratadas 29

ANEXO 2. Relación de Empresas e Entidades Contratantes 57

ANEXO 3. Relación de Acordos de Colaboración en I+D Asesorados en 2008 ... 61

ANEXO 4. Relación de Proxectos Europeos Concedidos en 2008 63

ANEXO 5. Relación de Patentes solicitadas en 2008 65

ANEXO 6. Empresas de Base Tecnolóxica (EBT) 67

ANEXO 7. Programa de Actividades Semana da Ciencia 2008 68

ANEXO 8. Material Informativo de Produtos e Servizos 70

ANEXO 9. Informacións e Difusións. Demandas de Servizos 72

1. A Oficina de I+D


A Oficina de I+D é a unidade de Transferencia de Coñecementos da Universidade de Vigo. Constitúese como unha infraestrutura de apoio á Universidade de Vigo na súa tarefa de valorizar e transferir os resultados da investigación dentro do seu ámbito de actuación. Creouse en 1991 e depende da Vicerreitoría de Investigación.

Pertence á Rede de Oficinas de Transferencia de Resultados de Investigación (RedOTRI) das universidades españolas, que actualmente está constituida por 65 oficinas, formando parte da sectorial de I+D da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE).

1.1. Equipo Humano e Organigrama

A Oficina de I+D está integrada por un equipo humano de 15 persoas de variada experiencia (con antiguedades que abarcan desde máis de 18 anos ata uns meses) e perfís profesionais (enxeñería, científico, xurídico-social e humanístico). Hay 3 persoas en plantilla das cales unha é a responsable, 10 técnicos contratados, e 2 persoas de apoio administrativo.

A Oficina de I+D vense estruturando en catro Áreas de actividade, tal e como se amosa no seguinte organigrama:



(n) número de persoas que integran cada área

2. Actividades Contratadas

2.1. Actividades de I+D+i

Inclúense neste epígrafe as actividades de I+D+i e os servizos tecnolóxicos realizados a petición dunha entidade externa, tanto pública como privada, incluíndo as actividades de formación.

ACTIVIDADE	NÚMERO	TOTAL
CONTRATOS	214	9.543.128,00 €
INFORMES	670	1.306.807,49 €
CURSOS	32	228.459,36 €
TOTAIS	916	11.078.394,85 €

O listado de actividades contratadas de I+D+i pódese consultar no Anexo 1.

Do total destas actividades de I+D que se levaron a cabo durante o ano 2008, 70 delas corresponden a proxectos con financiamento procedente de convocatorias públicas (Plan Galego, PETRI, PROFIT, CENIT, Fomento de Innovación Empresarial, Plan Avanza, ...), por un importe total de 3.981.798,14 €.

No ano 2008 contrataron algún tipo de actividade 38 departamentos, que representan o 73% do total da Universidade de Vigo. Algún deles, como o Departamento de Pintura, contratou por primeira vez nesta anualidade.

O maior volume de facturación deste ano correspondeulle ao Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacións, con máis de 1,5 millóns de euros. Polo número de actividades contratadas, destaca con moito o Departamento de Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluidos, se ben unha alta porcentaxe (96%) destes contratos corresponden a informes de asesoría técnica, que representou o 27% da facturación total do departamento no 2008.

Nas seguintes gráficas pódense visualizar dun xeito máis detallado estes resultados.




Figura 1.- Contía das actividades de I+D+i desenvolvidas para entidades externas no ano 2008 polos diversos departamentos

* inclúe prestacións puntuais de servizos




Figura 2.- Número de actividades de I+D+i desenvolvidas para entidades externas no ano 2008 polos diversos departamentos e ámbito

EVOLUCIÓN DAS ACTIVIDADES CONTRATADAS DE I+D+i NOS ÚLTIMOS ANOS



Figura 3.- Evolución do Número de Actividades Contratadas (2000-2008)




Figura 4.- Evolución da Contía das Actividades Contratadas (2000-2008)

2.2. Tipos de clientes


Na seguinte táboa desglósanse as actividades contratadas de I+D segundo o tipo de cliente: empresas, administracións públicas u outro tipo de entidades (fundacións, asociacións sen ánimo de lucro, centros tecnolóxicos privados, ...).

ACTIVIDADE	CLIENTE	NÚMERO	IMPORTE
CONTRATOS (214)	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	23	1.086.461,99 €
	EMPRESAS E ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS	144	6.489.050,69 €
	OUTROS	47	1.967.615,32 €
INFORMES (670)	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	77	461.683,13 €
	EMPRESAS E ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS	541	747.269,37 €
	OUTROS	52	97.854,99 €
CURSOS (32)	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	11	44.231,36 €
	EMPRESAS	14	75.328,00 €
	OUTROS	7	108.900,00 €
TOTAIS (916)	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	**111**	**1.592.376,48 €**
	EMPRESAS E ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS	**699**	**7.311.648,06 €**
	OUTROS	**106**	**2.174.370,31 €**

No Anexo 2 da presente memoria pódese consultar un listado coas empresas e entidades contratantes no ano 2008.

PORCENTAXE DE ACTIVIDADES POR TIPO DE ENTIDADE CONTRATANTE


Por número de actividades



* Outros: Fundacións, asociacións sen ánimo de lucro, centros tecnolóxicos privados, ...

Figura 5.- Porcentaxe de actividades contratadas segundo a natureza da entidade contratante no 2008

Pola súa contía



* Outros: Fundacións, asociacións sen ánimo de lucro, centros tecnolóxicos privados, ...

Figura 6.- Porcentaxe da contía das actividades contratadas segundo a entidade contratante no 2008

2.3. Convenios de I+D colaborativa

Durante o 2008, a Oficina de I+D levou a cabo a negociación de 16 acordos de colaboración, nos que a Universidade de Vigo participa como socio, por un importe total de 1.497.860,00 €. Destes convenios, 13 recibiron financiamento procedente de convocatorias públicas por un importe de 1.167.860,00 €, que representan o 78% do total.

No anexo 3 pódese consultar a relación destes acordos de I+D colaborativa.

3. Proxectos Internacionais de I+D

A Área de Proxectos Internacionais da OTRI xestiona, proporciona información e asesora en todo o tocante aos proxectos internacionais e europeos de I+D+i, promocionando a participación dos grupos de investigación da Universidade de Vigo nos programas existentes. Neste sentido, durante o ano 2008, a área de proxectos internacionais achegou as distintas oportunidades de financiamento europeo ao personal investigador a través de 43 difusións de convocatorias, 40 xornadas informativas e 42 procuras de socios para posibles propostas internacionais.

3.1. O Programa Marco de I+D da Unión Europea

O VI Programa Marco rematou no ano 2006, pero como froito aínda das convocatorias dese programa, no ano 2008 á Universidade de Vigo concedéuselle 1 proxecto por un importe de 52.620,00 €. Trátase dun "proxecto integrado" (IP) da área das TICs, concedido ao departamento de Enxeñería Telemática.

Ademáis, no ano 2008 asináronse 6 proxectos europeos fóra do Programa Marco (COST, ESF, eContent Plus,…), por un importe de 150.210,00 € e 4 proxectos de diversas iniciativas internacionais ERA-NET (Ampera, Circle), financiados con fondos do Plan Galego.

No **Anexo 3** figura o listado cos datos completos dos proxectos europeos concedidos neste ano.

No ano 2007 comezou o VII Programa Marco, cunha duración de sete anos (2007-2013) e un orzamento de 50.521 millóns de euros. Na seguinte táboa aparece o número de propostas presentadas dende a Universidade de Vigo nas convocatorias desenvolvidas ao longo do ano 2008 e total dende que comezara o VII Programa Marco:

SUBPROGRAMAS do VII Programa Marco	Número de propostas presentadas 2008	Total propostas presentadas VII PM
COOPERACIÓN	23	50
IDEAS	3	12
XENTE	8	11
CAPACIDADES	3	5
TOTAL	**37**	**78**

Por departamentos, neste ano 2008, destacan o de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía, o de Química Orgánica e o de Química Física con 6 propostas cadanseu, seguidos polo de Física Aplicada con 4.

Además, neste ano 2008 presentáronse outras 10 propostas en outras iniciativas internacionais: FONCICYT, ESF, EMBO...

No referente aos proxectos aprobados do VII Programa Marco, no 2008 asináronse 4 acordos de subvención coa Comisión Europea por un importe de 1.617.624 euros, que podemos clasificar do seguinte xeito:

Por tipoloxía de proxecto:

- Redes de excelencia: 1
- Proxecto Colaborativo: 1
- Starting Grant: 1
- Rede de Formación Inicial: 1

Por área do proxecto:

- Programa Cooperación: 2 (1 de Tecnoloxías da Información e Comunicación e 1 de Nanotecnoloxías, Nanociencias, Materiais e Métodos de Produción).
- Programa Ideas: 1
- Programa Xente: 1

Por departamento:

- Enxeñería telemática: 1
- Química Física: 1
- Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía: 1
- Química Orgánica: 1

Además, hai outros 5 proxectos por valor de preto dun millón de euros que teñen sido aprobados pero están pendentes de sinatura pola parte da Comisión Europea.

3.2. Programas europeos de Desenvolvemento Rexional e do Fondo Social Europeo

Estas iniciativas comunitarias, financiada polo FEDER, pretenden reforzar a cohesión económica e social da Unión Europea fomentando a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional e o desenvolvemento equilibrado e sostible do seu territorio.

Neste ano 2008, abríronse as primeiras convocatorias de proxectos para as iniciativas de Cooperación Transfronteiriza (antigo INTERREG III-A), Cooperación Transnacional (antigo INTERREG III-B) e Cooperación Interrexional (INTERREG III-C). Na seguinte táboa aparece o número de propostas presentadas dende a Universidade de Vigo a estas convocatorias:

PROGRAMA	Número de propostas presentadas 2008
Transfonteiriza España-Portugal	30
Transnacional Espazo Atlántico	8
Transnacional Espazo SUDOE	9
Internacional	1
TOTAL	**48**

4. Propiedade Industrial

4.1. Patentes

Neste ano 2008 tramitáronse 14 solicitudes de patentes nacionais (Anexo 5).

Esto suma un total de 116 patentes nacionais, 4 patentes europeas, 8 patentes internacionais, 3 marcas e 14 modelos de utilidade da Universidade de Vigo desde o ano 1992.




Figura 7.- Número de solicitudes de patentes, marcas e modelos de utilidade entre 1992 e 2008




Figura 8.- Evolución das solicitudes de propiedade industrial na Universidade de Vigo desde 1992 ata 2008

Destas solicitudes de propiedade industrial, lévanse concedido 58 patentes e 11 modelos de utilidade.

4.2. Contratos de Licenza

Os contratos de licenza teñen por obxecto ceder a unha empresa os resultados da investigación para a súa explotación e comercialización.

Os contratos de licenza asinados este ano corresponden a dúas spin-off da Universidade de:

1) Contrato de Licenza coa spin-off BIT OCEANS RESEARCH, S.L., coa participación do profesor Fernando Pérez González da UVIGO.

2) Contrato de Licenza coa spin-off INNOVACIÓN BIOLÓXICA DE GALICIA, S.L. (INBIOGAL), coa participación do seguinte persoal da UVIGO: Francisco Javier Rodríguez Berrocal, María Páez de la Cadena Tortosa, Daniel Ayude Vázquez, Vicenta Soledad Martínez Zorzano, Ana María Rodríguez Piñeiro, Antonio Carvajal Rodríguez, Emilio Rolán Álvarez, Mónica Martínez Fernández, Estrella Pallas Pallas, Gloria González Gacio, Yohanna Lemos González, Óscar Javier Cordero Santamaría.

5. Unidade de Cultura Científica (UCC)

A Universidade de Vigo creou en setembro de 2008, cunha axuda da Fundación Española de Ciencia y Tecnología (FECYT), a Unidade de Cultura Científica. Esta nova unidade constitúe un complemento para a misión de transferencia de coñecemento, pois ten por obxectivo apoiar a difusión, a comunicación e a divulgación dos resultados das investigacións científicas da nosa universidade cara á sociedade, estimulando o seu interese polo mundo da ciencia e a tecnoloxía. Así mesmo, forma parte da Rede de Unidades de Cultura Científica de toda España, o que permite o intercambio de experiencias e contribúe a unha maior eficiencia e eficacia nas actuacións.

Entre os servizos que presta esta unidade atópanse os seguintes:

- Apoio aos grupos de investigación en materia de divulgación.
- Dinamización da información científico-tecnolóxica.
- Canalización do contacto entre investigadores e os medios de comunicación na difusión de información científica de todo tipo (novas, reportaxes, entrevistas, etc.).
- Achegamento do mundo da ciencia aos centros de ensino secundario e outros colectivos por medio de visitas, conferencias e actividades de toda índole.
- Apoio na elaboración, redacción e edición de publicacións de divulgación científica.
- Organización e coordinación de actos, eventos e visitas relacionados coa actividade investigadora da Universidade de Vigo.
- Outras accións que podan favorecer a divulgación investigadora e científico-técnica.

En 2008, dende esta unidade leváronse a cabo as seguintes accións:

- Accións de promoción e presentación da UCC: (edición de díptico, carta de presentación e visitas)
- Semana da Ciencia 2008 (apoio, coordinación e organización de actos)
- Difusión de actos e actividades a investigadores e á comunidade universitaria
- Apoio na organización de xornadas e congresos
- Xestión e asesoramento de publicacións (Tríptico da OTRI, Trípticos Semana da Ciencia, Tríptico do Departamento de Teoría do Sinal e as Comunicacións)

6. Empresas de Base Tecnolóxica

6.1. Empresa-Concepto

O programa Empresa-Concepto, impulsado polas universidades galegas de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña e polo Consello Superior de Investigacións Científicas en Galicia (CSIC), ven funcionando dende o ano 2004 e pon a disposición destes centros de investigación os recursos financeiros e humanos que posibiliten a creación dun futuro negocio, arredor de tecnoloxías xurdidas da actividade investigadora. Este proxecto conta co financiamento da Xunta de Galicia a través da Consellería de Innovación e Industria e da Consellería de Traballo.

As axudas proporcionadas polo programa Empresa-Concepto consisten nun promotor con formación e experiencia empresarial, a tempo completo, e dun titor para apoio á iniciativa empresarial, en accións formativas e realización de estudos de planificación, de mercado e do plan de negocio.

▪ Creación de spin-off

No ano 2008 constituíronse 4 novas empresas spin-off da Universidade de Vigo acollidas ás axudas do Programa Empresa Concepto: INGENIERÍA INSITU, S.L., INBIOGAL, S.L., QCOACHING, S.L. e PELOIDES TERMALES, S.L.

▪ Iniciativas titorizadas

Neste ano comezaron a súa titorización no programa 3 iniciativas de spin-off, además dunha que xa contaba con este apoio. As áreas científico-tecnolóxicas relacionadas con estas iniciativas son oceanografía física, medio ambiente e deseño de procesos, máquinas e produtos.

No anexo 6 pódense consultar as iniciativas empresariais deste ano.

7. Tabla Resumo de Indicadores de Resultado

ACTIVIDADES CONTRATADAS

ACTIVIDADE	NÚMERO	CONTÍA
CO	214	9.543.128,00 €
IN	670	1.306.807,49 €
CU	32	228.459,36 €
TOTAIS	**916**	**11.078.394,85 €**

PROXECTOS EUROPEOS

ACTIVIDADE	NÚMERO	CONTÍA
PROGRAMA MARCO	5	1.670.244,00 €
INTERREG	0	0,00 €
OUTROS	6	150.210,00 €
TOTAIS	**11**	**1.820.454,00 €**

LICENZAS

LICENZA	NÚMERO	CONTÍA
	2	**5.250,00 € + % sobre beneficios/ventas**

PATENTES

	NACIONAIS	INTERNACIONAIS	MODELOS	TOTAL
SOLICITADAS	**14**	**0**	**0**	**14**
CONCEDIDAS	**8**	**0**	**0**	**8**

EMPRESAS DE BASE TECNOLÓXICA

EMPRESAS	CREADAS	TITORIZADAS
	4	**3**

8. Actividades de Difusión Tecnolóxica

8.1. Semana da Ciencia na Universidade de Vigo

A Semana da Ciencia en Galicia 2008, promovida pola Dirección Xeral de I+D+i, ten o obxectivo de fomentar a divulgación da ciencia e da tecnoloxía nos distintos ámbitos da sociedade.

Con motivo da celebración deste evento, organizáronse charlas en centros de ensino de Vigo e arredores baixo o título xenérico de "O día a día dun investigador", impartidas por Miguel Ángel Correa Duarte e Roberto López Valcarce, Premios Galicia de Investigación 2007 na categoría de investigadores mozos. Para a ocasión, publicáronse dous trípticos para repartir entre os asistentes: "O tratamento do sinal nos sistemas de comunicación" e "Nanociencia e Nanotecnoloxías".

A Oficina de I+D colaborou na difusión, na tramitación das solicitudes de subvencións e na execución das actividades presentadas. No anexo 7 recóllese o listado destas actividades.

8.2. Elaboración da oferta científico-tecnolóxica da Universidade de Vigo

Este ano procedeuse a tradución ao inglés de practicamente todas as fichas da oferta científico-tecnolóxica. Ao tempo que se traducían ditas fichas, tamén se actualizaron. O seu contido está dispoñible na base de datos da oferta que pode ser consultada na páxina web http://webs.uvigo.es/otri/index_ingles.htm , no apartado de Servizos → Oferta de I+D+i.

Nesta mesma páxina, no apartado de documentación, este ano incorporáronse novas publicacións de elaboración propia, que están clasificadas en:

- Libros
- Paneis / pósters
- Paneis ASLO
- Patentes
- Separatas sobre equipos de investigación en temáticas agroalimentarias

No anexo 8 aparece unha relación destas publicacións.

8.3. Edición de material informativo de Produtos/Servizos

Ao longo do ano 2008 editouse un folleto-catálogo redactado en castelán, galego e inglés en formato A4, que leva por título "Deseño e realización de análises microbiolóxicas e físico-químicas de augas, alimentos e medio ambiente".

Ademais elaboráronse tres separatas que pertencen a equipos de investigación relacionados co sector agroalimentario:

- Anticorpos monoclonais
- Produción frutícola. Mellora de plantas leñosas. Captación e fixación de CO_2
- Seguridade e calidade alimentaria

Este material gráfico pode visualizarse en formato pdf na nosa páxina web http://webs.uvigo.es/otri , no apartado de Documentación.

8.4. Oferta monográfica de áreas Científico–Tecnolóxicas específicas

Este ano publicáronse 750 exemplares do libro que reúne aos equipos de investigación da nosa Universidade relacionados co sector agroalimentario.

Con motivo da celebración das Feiras Navalia e Acui, publicáronse tamén dous folletos redactados en castelán e en galego, que recollen a oferta científico-tecnolóxica nas áreas relacionadas co sector naval e coa acuicultura, respectivamente. Tamén se elaborou outra publicación destinada á Feira Copenmind, redactada en castelán e en inglés, onde se recolle a oferta científico-tecnolóxica nas áreas relacionadas coas enerxías renovables e co medio ambiente. Estes folletos foron distribuídos entre os visitantes do stand da Universidade de Vigo nas devanditas Feiras.

Ambas publicacións poden visualizarse en formato pdf na nosa páxina web http://webs.uvigo.es/otri , no apartado de Documentación → libros

8.5. Feiras

Estivemos presentes nas feiras sectoriais NAVALIA 2008 e ACUI 2008 e na de transferencia de tecnoloxía COPENMIND 2008

- **NAVALIA 2008**. Feira Internacional da Industria Naval. Celebrada no recinto feiral de Vigo (IFEVI), do 20 ao 22 de maio do 2008.
  Participouse cun stand xunto coa Rede Galega para a Transferencia de Coñecemento (integrada polas 3 Universidades galegas e a delegación do CSIC en Galicia). Neste stand distribuíronse folletos publicados especificamente para este sector, que recollen equipos de investigación que fan traballos para o sector naval. Además, presentáronse proxeccións audiovisuais sobre os traballos dos grupos de investigación relacionados.

- **ACUI 08.** III Feira Internacional da Acuicultura. Celebrada no recinto feiral FEXDEGA, en Vilagarcía de Arousa, do 3 ao 5 de xuño do 2008.

Participouse cun stand xunto coa Rede Galega para a Transferencia de Coñecemento. Neste stand proxectouse un audiovisual sobre os traballos dos grupos de investigación da Universidade de Vigo relacionados co sector acuícola, ao mesmo tempo que se distribuíron folletos con información sobre as súas capacidades e experiencias en proxectos de I+D.

- **COPENMIND 2008**. I Feira Internacional de Transferencia de Tecnoloxía. Celebrada no recinto de Bella Center, en Copenhague, do 1 ao 3 de setembro do 2008.
  Nesta primeira edición, a feira estivo adicada ás Tecnoloxías Limpas.
  A Oficina de I+D encargouse da contratación, instalación e atención dun stand propio da Universidade de Vigo. Para a ocasión, editáronse folletos bilingües en español-inglés e material audiovisual con información sobre traballos e liñas de investigación dos grupos da Universidade de Vigo que desempeñan o seu labor no eido das tecnoloxías limpas. Os folletos foron distribuidos no stand e o material audiovisual foi proxectado nunha pantalla instalada ao efecto.

8.6. Asesoramento empresarial. Información e difusión

No ano 2008 a Oficina de I+D difundiu as convocatorias dos distintos programas do Plan Galego de I+D+i a través do correo electrónico, informando a unhas 1.000 empresas de Galicia. Para promover a súa participación nestas convocatorias, levouse a cabo unha Xornada sobre Aspectos Prácticos das Solicitudes na sede da Confederación de Empresarios de Pontevedra, que contou coa asistencia de 118 profesionais do ámbito empresarial. Trala celebración desta xornada, atendéronse consultas e revisáronse solicitudes de 9 empresas.

Este ano, por primeira vez, organizouse unha xornada sobre Certificación e deducións fiscais en proxectos empresariais de I+D+i co obxectivo de dar a coñecer a investigadores e empresas as posibilidades de dedución fiscal que existen hoxe en día en España no referente a proxectos de I+D+i e os requisitos que deben cumplir para acollerse a elas. A esta xornada asistiron 75 persoas, das cales 54 pertencían ao mundo empresarial.

Tamén se realizou difusión a empresas e investigadores das distintas convocatorias do Plan Nacional e do Programa Marco, acompañándoas igualmente de xornadas informativas para fomentar a participación, tales como as cinco realizadas sobre o Programa Marco. Asimesmo, fixéronse difusións sobre xornadas, encontros, foros e outros actos relacionados coa ciencia, tecnoloxía e innovación (Anexo 9).

8.7. Demanda de servizos

Atendéronse varias consultas de empresas e outras entidades que solicitaron información sobre diversas temáticas ou sobre o establecemento de posibles colaboracións con equipos de investigación desta Universidade en traballos de I+D+i. Recibíronse:

- 58 solicitudes de expertos para colaboracións
- 44 peticións de asesoramento sobre axudas a proxectos, outras consultas, visitas e contactos.

Para máis información, véxase o Anexo 9.

9. PYMERA

A Oficina de I+D da Universidade de Vigo é o **nodo galego da rede Pymera**, que ten como obxectivo fomentar a participación das empresas no Programa Marco de I+D da Unión Europea. No ano 2008 realizáronse as seguintes actividades:

1. **Sensibilización das entidades galegas sobre o VII Programa Marco.** A nosa base de datos consta de 426 entidades entre empresas e asociacións. Case todas elas foron contactadas dun xeito ou doutro para presentarlles as diversas oportunidades de financiamento europeo da I+D.
2. **Canalización de ofertas de proxectos europeos procedentes da Oficina Central da Rede PymERA e doutras redes.** Este ano recibíronse unhas 50 ofertas de participación en proxectos europeos propias da rede Pymera que foron difundidas a diferentes entidades galegas (asociacións, PEMEs, Centros de investigación, etc). Tamén foron tratadas polo nodo 108 ofertas doutras redes que chegaron até PymERA-Galicia. Atopáronse posibles socios galegos para 77 destas ofertas.
3. **Actividades de promoción do VII Programa Marco.** Coa finalidade de posicionar e informar aos investigadores e ao sector empresarial sobre o VII Programa Marco (2007-2013) e outro programas de financiamento de I+D, asistiuse como nodo a varias xornadas, entre as que figura un curso de formación da rede PymERA.
4. **Titorización na xeración de proxectos europeos.** Dentro das actividades de PymERA está o asesoramento individualizado ás empresas. Neste ano 22 empresas foron asesoradas persoalmente sobre as características dos programas europeos de I+D, procuras de parceiros e demais dúbidas. Cinco empresas foron visitadas nas súas sedes

por requirimento delas. Unha delas presentou un proxecto ao programa Eurostars-Eureka con revisión facilitada polo noso nodo.

10. Convenios e Proxectos da Oficina de I+D

A Oficina de I+D preséntase habitualmente ás convocatorias de axudas nacionais e autonómicas que contribúan a desenvolver e financiar a tarefa de transferencia dos resultados da investigación na nosa Universidade. Como resultado destas iniciativas, no ano 2008 leváronse a cabo as accións dos seguintes proxectos ou convenios:

- Continuación do Proxecto de Axudas ás OTRI do Ministerio **"Identificación e promoción de proxectos sectoriais"** que ten por obxecto a posta en marcha de proxectos coordinados ou individuais de I+D+i con empresas dos sectores: rocas ornamentais, derivados da pesca e madeira, en colaboración con grupos de investigación da Universidade de Vigo. Dende o comezo do proxecto no ano 2006 lévanse detectado arredor de 100 necesidades de I+D entre as empresas visitadas, 28 das cales se materializaron en proxectos por un importe total de 1,8 millóns de euros. As actuacións enmarcadas neste plan finalizarán en xuño de 2009. O orzamento total do proxecto para as 3 anualidades é de 47.000 €.

- Continuación do Proxecto de Axudas ás OTRI do Ministerio **"Marketech II: Orientación Tecnolóxica en Enxeñería no sector marítimo-pesqueiro"**, coordinado polo CETMAR e coa colaboración das 3 universidades galegas, CSIC-Galicia e ANFACO. Este proxecto comezou a finais do ano 2006 e finalizará a finais do 2009, conta cun orzamento total de 25.000 €. Durante o ano 2008 mantivéronse distintas reunións con investigadores co obxectivo de definir proxectos de envergadura que dean resposta ás necesidades tecnolóxicas plantexadas polas empresas do sector marítimo-pesqueiro contactadas. Dous equipos de investigación desta Universidade formularon un total 3 propostas.

- Continuación do Proxecto de Axudas ás OTRI do Ministerio **"Promogrup I: Márketing, promoción e difusión da oferta tecnolóxica alimentaria da UVIGO en sectores estratéxicos"**. Nesta anualidade elaborouse unha publicación que recolle a oferta científico-tecnolóxica da UVIGO no sector agroalimentario. De todas as necesidades de I+D detectadas durante as visitas a empresas, 8 definíronse como proxectos de investigación, por un importe total de 452.815 €. O orzamento total do proxecto é de 50.000 €.

- Proxecto de Axudas ás OTRI do Ministerio **"Promogrup II: Márketing, promoción e difusión da oferta da UVIGO en ciencias e tecnoloxías medioambientais"**. O orzamento total do proxecto que finalizará en decembro de 2011 é de 113.000 €. Durante a

súa primeira fase elaborouse un folleto-catálogo coa oferta científico-tecnolóxica da Universidade de Vigo en Enerxías renovables e Medio Ambiente, así como un cuestionario para coñecer as necesidades medioambientais das empresas obxectivo. Dado que este plan de actuación se atopa na súa fase inicial, aínda non se acadou ningún proxecto.

- Proxecto de Axudas ás OTRI do Ministerio **"DINAMIZA: Dinamización dos Axentes do Sistema I+DT+i do Sector da Construcción no ámbito Xeográfico de Galicia"**. Está coordinado pola Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) e conta coa colaboración das Universidades de A Coruña e de Vigo. O orzamento total do proxecto para as tres anualidades é de 7.260 €. Ao igual que o proxecto anterior, este plan de actuación tamén se atopa na súa fase inicial.

- Axuda da Fundación Española de Ciencia y Tecnología (FECYT) para a creación da **Unidade de Cultura Científica (UCC) da Universidade de Vigo**. Dende esta unidade, que comezou a súa actividade en setembro de 2008, lévanse a cabo funcións de apoio á difusión, comunicación e divulgación dos resultados das investigacións científicas xeradas na Universidade de Vigo. Contou cun financiamento de 10.000 €.

- **Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria** da Xunta de Galicia **e a Universidade de Vigo** para executar os compromisos establecidos no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (INCITE), en relación coa función das OTRIs no Sistema Galego de Investigación e Innovación. En 2008 contou cun orzamento de 477.623 €.

- **Programa EUROCIENCIA 2006: "Plan Estratéxico de Participación no VII Programa Marco"**. A finalidade deste plan é a captación e aproveitamento de todas as oportunidades posibles de participación dos investigadores da Universidade de Vigo no VII Programa Marco da Unión Europea mediante a xeración de propostas dende os seus respectivos grupos. O orzamento total do proxecto para as 3 anualidades é de 155.767 €, dos que 46.182 € corresponderon á anualidade 2008.

11. Actuacións na Rede OTRI

11.1. Participación na Comisión Permanente

Dende o ano 2005, a responsable da OTRI é membro da Comisión Permanente de RedOTRI, que é o órgano executivo da Rede e está constituído por 7 membros elixidos en plenario por un período de dous anos, renovables por outros dous.

11.2. Participación en Grupos de Traballo de RedOTRI: Contratos de I+D, Proxectos Europeos e Spin-off

Na RedOTRI veñen funcionando grupos de traballo sobre temas considerados estratéxicos (indicadores de transferencia, programas europeos, formación, ...). O persoal da nosa OTRI participa en tres deles:

- **Grupo de Traballo G83 sobre Contratos de Investigación** está constituído por oito Universidades e foi creado en 2006 coa finalidade de profundizar nos diversos aspectos dos contratos establecidos ao amparo do artigo 83 da LOU. Durante o ano 2008 elaboráronse os seguintes modelos de contrato: Asesoramento Técnico, Asesoramento Técnico Aberto, Comodato e Formación. Tamén se realizou unha xornada técnica de traballo sobre o Modelo de Contrato para Proxectos de I+D e a Nova Lei de Contratos.
- **Grupo de Traballo de Proxectos Europeos** ten como cometido principal abordar as cuestións técnicas administrativas e de xestión que implica o novo Programa Marco. Está integrado por 9 Universidades e 1 Organismo Público de Investigación. O seu primeiro entregable foi: "Guía das Universidades Españolas para a Xestión dos Costes Totais de Proxectos Europeos".
- **Grupo de Traballo de Spin-off.** Co obxectivo de cubrir as necesidades dos profesionais da rede en todo o relacionado coa creación de empresas basadas no coñecemento universitario, en xullo de 2008 a Comisión Permanente de RedOTRI procedeu ao lanzamento da convocatoria para a creación dun Grupo de Traballo con este cometido. A finais de ano, o grupo constituiuse con 11 compoñentes de distintas universidades da rede.

11.3. Participación no Plan de Formación de RedOTRI

O persoal da nosa oficina asistiu ás seguintes xornadas e actividades formativas de RedOTRI:

- Xornada: **"A transferencia de coñecemento na avaliación do persoal docente e investigador das universidades".** RedOTRI. Madrid, 15 de xaneiro de 2008
- Curso: **"Método do Caso".** RedOTRI. Madrid, 29 de abril de 2008
- Curso: **"Valorización de Resultados Investigación".** RedOTRI. León, 12-14 de maio de 2008
- Curso: **"Accións Marie Curie para Xestores de I+D".** Universidade de Zaragoza e RedOTRI. Zaragoza, 21-23 de maio de 2008

- Curso: **"Iniciación na Función Transferencia".** Universidade Pontificia de Salamanca e RedOTRI. Salamanca, 25-27 de xuño de 2008
- Seminario: **"Valoración da Transferencia dos Resultados da Investigación".** RedOTRI, Madrid, 2 de outubro de 2008
- Curso básico: **"Formación Técnicos da Rede OTRI Universidades"**. Universitat de Girona e RedOTRI. Girona, 6-10 de outubro de 2008
- **"XVI Xornadas de Investigación nas Universidades Españolas"**. RedOTRI e CRUE. Murcia, 15-17 de outubro de 2008
- Xornada Técnica: **"Presentación do Modelo de Contrato de I+D e Debate sobre a Nova Lei de Contratos"**. Universidad Carlos III e RedOTRI. Madrid, 29 de outubro de 2008
- Teleformación: **"Formación de titores de teleformación"**. RedOTRI. 16 de setembro ao 28 de outubro de 2008
- Xornadas de debate: **"Lei da Ciencia, Programa Nacional de Valorización …"**. RedOTRI. Madrid, 10-11 de novembro de 2008
- Curso *on-line*: **"Contratos de licenza"**. RedOTRI. 11 de novembro ao 23 de decembro

11.4. Poñentes en cursos de RedOTRI

O noso persoal impartiu formación nos seguintes cursos de RedOTRI:

- Curso: **"Iniciación na Función Transferencia".** Universidade Pontificia de Salamanca e RedOTRI. Salamanca, 25-27 de xuño de 2008
- Curso: **"Accións Marie Curie para Xestores de I+D".** Universidade de Zaragoza e RedOTRI. Zaragoza, 21-23 de maio de 2008

11.5. Conferencia Anual de RedOTRI

Dentro do programa de actividades de RedOTRI inclúese a celebración da súa conferencia anual, un evento de ámbito nacional dirixido a técnicos e responsables de OTRI onde se levan a cabo talleres e sesións plenarias en torno a unha determinada temática relacionada coa transferencia de tecnoloxía. Na edición de 2008, que tivo lugar en Palma de Mallorca do 11 ao 13 de xuño, baixo o título **"Avanzando cara unha colaboración responsable"**, abordáronse os principios básicos que deben rexir na I+D colaborativa, co obxecto de definir unhas "boas prácticas" que poidan ser asumidas por ambas partes.

A esta conferencia asistiron 3 persoas da Oficina de I+D (OTRI) da nosa Universidade.

12. Relacións Internacionais da Oficina de I+D

12.1. Proton Europe

A Oficina de I+D participou activamente nas etapas iniciais da Proton Europe , que nun principio foi unha rede temática financiada polo V Programa Marco da Unión Europea.

Na actualidade, Proton Europe é unha Asociación que aglutina **245** Oficinas de Transferencia de Coñecemento de Universidades e Centros Públicos de Investigación de Europa. Ao mesmo tempo, integra redes nacionais como RedOTRI española, AURIL británica, Net Val Italia, Rede Curie Francia, ...). Como outras redes, Proton organiza actividades formativas, conferencia anual, facilita actividades de promoción e fomenta a profesión de xestor de Transferencia e Valorización do Coñecemento, pero sobre todo contribúe a facilitar documentos de posición para a Unión Europea sobre a Transferencia de Coñecemento.

12.2. Proxecto TEMPUS "STIMU" con Marrocos

A nosa oficina participou como experta no Proxecto Tempus STIMU "*Structuration d'Interfaces Marocaines Université-Entreprise*", co cometido de mostrar a experiencia universitaria española en Transferencia de Tecnoloxía (RedOTRI). O proxecto estaba liderado pola Universidade de Burdeos (Francia) e como socios figuraban ao inicio 5 universidades marroquíes, extendéndose posteriormente ás 13 universidades do país. No marco deste proxecto, este ano convocouse un premio para recoñecer a mellor posta en marcha dunha Oficina de interface Universidade-Empresa entre todas as universidades marroquíes. A nosa OTRI participou como única representante española no xurado internacional para a avaliación destas candidaturas.

12.3. Outros proxectos Internacionais

Neste ano a Oficina de I+D participou nas solicitudes de dous proxectos TEMPUS con países da área mediterránea:

- Interweaving Education, Research and Innovation for Development in Palestina, con Universidades de Palestina, España, Francia e Reino Unido.

- Proxecto OSMOSE (Ouverture Structurée Université Monde Socio-Économique), con socios de España, Marrocos, Francia, Túnez e Italia.

Asimesmo, colaboramos nas solicitudes de varios proxectos Interreg:

- Red Incopyme. Galicia-Norte de Portugal, con socios empresariais e de universidades
- Proxecto PME Sapiens, da área Sudoeste europeo, con socios de España e Portugal.
- Proxectos OpenInnoPlat, da área Atlántica, con socios de Portugal, Francia e España.

13. Participación e Organización de Xornadas, Seminarios e Eventos

13.1. Actividades Organizadas ou con Participación da Oficina I+D

- **Presentación das Actividades e Proxectos da Oficina de I+D** ao equipo de goberno da Universidade. Vigo, 10 de marzo de 2008
- Xornada: **"INTERREG Transfronteirizo".** Oficina de I+D. Vigo, 13 de marzo de 2008
- Xornada: **"Axudas aos proxectos Empresarias no Plan Galego de I+D+i 2008 (INCITE)"**. Oficina de I+D e CEP. Vigo, 15 de abril de 2008
- **NAVALIA 2008. Feira Internacional do Sector Naval.** Rede Galega de Transferencia de Coñecemento: 3 Universidades galegas e CSIC-Galicia. IFEVI. Vigo, 20-22 de maio de 2008
- **ACUI 2008. III Feira Internacional de Acuicultura.** Rede Galega de Transferencia de Coñecemento: 3 Universidades galegas e CSIC-Galicia. FEXDEGA. Vilagarcía de Arousa, 3-5 de xuño de 2008
- **COPENMIND 2008. I Feira Internacional de Investigación, Tecnoloxía e Innovación sobre Tecnoloxías Limpas**. Bella Center. Copenhague (Dinamarca), 1-3 de setembro de 2008
- Charla-Conferencia: **"O día a día do investigador"**. Semana da Ciencia 2008. Centros de ensinanzas medias de Vigo e comarca, 17 e 19 de novembro e 2 de decembro de 2008

- Xornada: **"Proxectos empresariais de I+D+i. Certificación e deducións fiscais"**. Oficina de I+D. Vigo, 18 de novembro de 2008

13.2. Impartición de Conferencias

- Xornada: **"Axudas aos proxectos Empresarias no Plan Galego de I+D+i 2008 (In.Ci.Te)"**. Oficina de I+D e CEP. Vigo, 15 de abril de 2008
- Congreso: **"Emprendedores, Innovación e Cooperación Tranfronteiriza".** Cámara de Comercio de Ourense. Ourense, 24 de abril de 2008
- Xornada: **"Oportunidades no VII Programa Marco: Enerxía, NMP e Transporte".** Oficina de I+D. Vigo, 8 de outubro de 2008
- Xornada: **"Oportunidades no VII Programa Marco: KBBE, Medioambiente e Saúde"**. Oficina de I+D. Vigo, 13 de outubro de 2008
- Xornada: **"Oportunidades no VII Programa Marco: SSH".** Oficina de I+D. Vigo, 21 de outubro de 2008
- Xornada: **"Oportunidades no VII Programa Marco".** Oficina de I+D. Pontevedra, 28 de outubro de 2008, e Ourense, 3 de novembro de 2008
- Xornada: **"Proxectos empresariais de I+D+i. Certificación e deducións fiscais"**. Oficina de I+D. Vigo, 18 de novembro de 2008
- Xornada: **"Empresa-Innovación"**. Confederación de Empresarios de Galicia. Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2008
- Xornada: **"A Innovación necesaria e posible. Recursos para a Innovación".** CEP. Vigo, 4 de decembro de 2008

13.3. Actividades de Formación

Además das levadas a cabo a través de RedOTRI, o persoal da Oficina I+D tamén asistiu a estoutras actividades formativas:

- Curso: **"Constitución de Empresas TIC"**. Centro de Iniciativa Empresarial (CIE). Porriño, 18-28 de febreiro de 2008
- Curso: **"Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público".** Vigo, 3-4 de xuño de 2008
- Curso: **"Xestión de proxectos do VII Programa Cadro"**. Narón, 26-28 de novembro de 2008

13.4. Asistencia a Xornadas, Foros, etc

- Xornada: **"Presentación da Plataforma Tecnolóxica Galega de Materiais e Procesos de Fabricación"**. AIMEN e Dirección Xeral de I+D+i. Club Financiero de Vigo. Vigo, 28 de xaneiro de 2008
- Xornada de presentación: **"Xestión do Fondo Tecnolóxico e Fomento da Innovación"**. Dirección Xeral de I+D+i. Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2008
- Xornada: **"Programa operativo de cooperación transfronteiriza"**. Badaxoz, 6-7 de febreiro de 2008
- Xornada: **"Oportunidades para PEMEs en Europa"**. OPIDI. Ferrol, 11 de febreiro de 2008
- Xornada: **"Eurorrexión do Coñecemento Galicia-Norte de Portugal"**. FEUGA. Vigo, 13 de febreiro de 2008
- Seminario: **"Capitalización da I+D+i"**. Autoridade INTERREG. A Coruña, 21-22 de febreiro de 2008
- Xornadas: **"Grupos de Traballo da Plataforma Tecnolóxica da Madeira"**. CIS Madeira. Santiago de Compostela, 27-29 de febreiro de 2008
- Xornada: **"Presentación do Plan INCITE 2008"**. Dirección Xeral de I+D+i - Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2008
- Xornada: **"Grupos de Traballo da Plataforma Tecnolóxica de Medio Ambiente (ENVITE)"**. Plataforma Tecnolóxica galega de Medio Ambiente. Santiago de Compostela, 15 de abril de 2008
- Xornada: **"Cara unha viticultura e enoloxía de calidade"**. FEUGA, Santiago de Compostela, 7 de maio de 2008
- Xornada: **"Aula de Investigación e Innovación: Políticas e Financiación da I+D+i"**. Club Financiero de Vigo. Vigo, 8 de maio de 2008
- Xornada: **"Acto de recoñecemento ás empresas que colaboran coa UVIGO"**. Consello Social da UVIGO. Vigo, 20 de maio de 2008
- Seminario: **"Propiedade Intelectual no VII Programa Marco"**. OPIDI. Ferrol, 26 de maio de 2008
- Xornada: **"Presentación das Convocatorias 2009 HEALTH e KBBE do VII Programa Marco".** OPIDI. Ferrol, 26 de xuño de 2008
- **"Xornadas Técnicas sobre I+D+i no Sector Madeira"**. CIS Madera na XXII Feira do

Moble de Galicia. A Estrada, 11 de setembro de 2008

- **"Xornadas de I+D+i de Biomasa e Agroenerxía"**. Rede BioA. Lugo, 17-18 de setembro de 2008
- Xornada: **"Promoción da Innovación Empresarial"**. Club Financiero de Vigo. Vigo, 23 de setembro de 2008
- Xornada: **"Impulso, mellora da xestión e certificación de proxectos de I+D+i nas pemes galegas"**. Innova Pyme Galicia. Vigo, 25 de setembro de 2008
- Xornadas: **"Info Day Medio Ambiente VII PM + Encontro para a xeración de proxectos"**. Rede Pymera. Madrid, 29-30 de setembro de 2008
- Technomeeting: **"Encontro dos grupos de investigación con Capital Energy"**. FEUGA. Vigo, 30 de setembro de 2008
- Xornada: **"Oportunidades para os axentes galegos en Europa"**. OPIDI. Ferrol, 14 de outubro de 2008
- Xornada: **"Ferramentas innovadoras para a optimización da xestión comercial"**. Club Financiero de Vigo. Vigo, 14 de outubro de 2008
- Xornada: **"I Asamblea Informativa sobre a Plataforma Tecnolóxica Forestal".** Dirección Xeral de I+D+i. Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2008
- **"Inauguración do Centro Galego de Iniciativas Empresariais Innovadoras Femininas"**. Dirección Xeral de I+D+i. Vigo, 17 de outubro de 2008
- **"Acto de presentación dos resultados das axudas I+D+I 2008"**. Dirección Xeral de I+D+i. Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2008
- Xornada: **"Presentación do Campus de Excelencia Internacional"**. Universidade de Vigo – MICINN. Vigo, 20 de novembro de 2008
- **"ICT Event 2008"**. Comisión Europea. Lyon, 25-27 de novembro de 2008
- Xornada: **"Rexións do Coñecemento e Potencial Investigador"**. MICINN. Madrid, 26 de novembro de 2008
- **Foro Invierta: "V Encontro entre Inversores privados e Emprendedores"**. Club Financiero de Vigo. Vigo, 26 de novembro de 2008
- Xornada: **"A Innovación necesaria e posible. Recursos para a Innovación".** CEP. Vigo, 4 de decembro de 2008
- **"III Conferencia Anual Pymera"**. Rede Pymera. Madrid, 4 de decembro de 2008

14. ANEXOS

ANEXO 1: Relación de Actividades Contratadas

CONTRATOS		
TÍTULO	**RESPONSABLE/S**	**DEPARTAMENTO**
CARA A UNHA ACUICULTURA SOSTIBLE (ACUISOST)	MARIANO LASTRA VALDOR	ECOLOXÍA E BIOLOXÍA ANIMAL
ELABORACIÓN E DESEÑO DO PLAN ESTRATÉXICO DIRECTOR DA CARNE DE GALICIA	JORGE GONZÁLEZ GURRIARÁN	ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E MARKETING
ESTUDO DE NOVAS TÉCNICAS DE PROCESADO DE SINAL DE MEDIDA DA ACTIVIDADE FÍSICA APLICABLES Ó ESTANDAR IEEE 802.15.1.	FRANCISCO JAVIER GONZÁLEZ CASTAÑO	ENXEÑERÍA TELEMÁTICA
WGIS-GPR: ANÁLISE, DESEÑO E VALIDACIÓN FUNCIONAL DUN SISTEMA INTELIXENTE E AUTÓNOMO EN ENTORNO WEB SOBRE UNHA BASE GIS PARA O ESTUDO E COMPARACIÓN DE PERFÍS GPR E A APARICIÓN DE DEFECTOS ESTRUTURAIS E SUPERFICIAIS DAS ESTRADAS	HENRIQUE LORENZO CIMADEVILA, PEDRO ARIAS SÁNCHEZ	ENXEÑERÍA DOS RECURSOS NATURAIS E MEDIO AMBIENTE
SISTEMA DE CONTROL DE TRANSELEVADORES BASEADO EN ARQUITECTURA PAC	RICARDO MARÍN MARTÍN	ENXEÑERÍA DE SISTEMAS E AUTOMÁTICA
ESTUDO DA SOLDABILIDADE E RESISTENCIA Á CORROSIÓN DE NOVAS ALEACIÓNS DE ALUMINIO MULTIRRECUBERTAS CON APLICACIÓN EN INTERCAMBIADORES DE CALOR PARA O SECTOR DA AUTOMOCIÓN	XOSÉ RAMÓN NÓVOA RODRÍGUEZ	ENXEÑERÍA QUÍMICA
APLICABILIDADE DUN ACEIRO MARAGING DE NOVA XERACIÓN NA FABRICACIÓN DE UTILLAXE PARA OPERACIÓNS DE TRABALLO EN QUENTE	PEDRO MERINO GÓMEZ	ENXEÑERÍA DOS MATERIAIS, MECÁNICA APLICADA E CONSTRUCCIÓN
MICROBIOTA ASOCIADA A RESIDENCIAS. ESTUDO MOLECULAR E SEROLÓXICO DE VIABILIDADE MICROBIOLÓXICA DE ALIMENTOS EN RESIDENCIAS	LUIS ALFONSO RODRÍGUEZ LÓPEZ	BIOLOXÍA FUNCIONAL E CIENCIAS DA SAÚDE
VARIABILIDADE MOLECULAR E SEROLÓXICA DE LEXIONELLA SP. EN INSTALACIÓNS DE RISCO	LUIS ALFONSO RODRÍGUEZ LÓPEZ	BIOLOXÍA FUNCIONAL E CIENCIAS DA SAÚDE
REALIZACIÓN DE LABORES DE INVESTIGACIÓN NO MARCO DO PROXECTO CINNEO	FERNANDO PÉREZ GONZÁLEZ	TEORÍA DO SINAL E COMUNICACIÓNS
ANÁLISE MOLECULAR DE XENES INVOLUCRADOS NA HIPERTENSIÓN PULMONAR	DIANA VALVERDE PÉREZ	BIOQUÍMICA, XENÉTICA E INMUNOLOXÍA
PROXECTO BUQUE AUTÓMATA INTELIXENTE POLIVALENTE PARA A PESCA (BAIP 2020)	XULIO FERNÁNDEZ HERMIDA	TEORÍA DO SINAL E COMUNICACIÓNS

METODOLOXÍAS PARA O CONTROL DE EMISIÓNS DE GASES CONTAMINANTES (PROXECTO BAIP 2020)	JOSÉ LUIS MÍGUEZ TABARÉS	ENXEÑERÍA MECÁNICA, MÁQUINAS E MOTORES TÉRMICOS E FLUÍDOS
DESENVOLVEMENTO DO DIAGNÓSTICO E DESEÑO ESTRATÉXICO PARA AS CADEAS EMPRESARIAIS DE MEDIO AMBIENTE, SERVIZOS A EMPRESAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN	JORGE GONZÁLEZ GURRIARÁN	ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E MARKETING
DESENVOLVEMENTO DA INNOVACIÓN E INTERNACIONALIZACIÓN DA AGRUPACIÓN DA INDUSTRIA DO METAL E BENS DE EQUIPAMENTO	JORGE GONZÁLEZ GURRIARÁN	ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E MARKETING
PROGRAMMABLE AUTOMOTIVE NEW GENERATION ELECTRONIC ARCHITECTURE	JOSÉ FARIÑA RODRÍGUEZ	TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA
PROXECTO PILOTO PARA O DESENVOLVEMENTO DE SISTEMAS DE INFORMACIÓN DE AXUDA Á DIRECCIÓN NA PYME	MIGUEL ÁNGEL MERINO GIL	ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E MARKETING
STANDARIZACIÓN DE PROCESOS Fo PARA DETERMINAR A VIABILIDADE BACTERIANA EN CONSERVAS. ESTUDOS DE VIDA ÚTIL E BACTERIAS PREDITIVAS	LUIS ALFONSO RODRÍGUEZ LÓPEZ	BIOLOXÍA FUNCIONAL E CIENCIAS DA SAÚDE
OPTIMIZACIÓN DA EFICIENCIA ENERXÉTICA MEDIANTE SISTEMAS E METODOLOXÍAS DE DIAGNÓSTICO REMOTO E REPARACIÓN DE MOTORES MARIÑOS (PROXECTO BAIP 2020)	JOSÉ LUIS MÍGUEZ TABARÉS	ENXEÑERÍA MECÁNICA, MÁQUINAS E MOTORES TÉRMICOS E FLUÍDOS
DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DUNHA BATEA MODULAR PARA O ENGORDE DE POLBO	JOSÉ ANTONIO VILÁN VILÁN	ENXEÑERÍA MECÁNICA, MÁQUINAS E MOTORES TÉRMICOS E FLUÍDOS
THOT- ASR: PLATAFORMA ONLINE DE RECOÑECEMENTO DE VOZ MULTICODEC PARA REDES VOIP CON INTERFAZ MRCP	ANTONIO CARDENAL LÓPEZ	TEORÍA DO SINAL E COMUNICACIÓNS
REDES DE DATOS E SERVICIOS PÚBLICOS DE TELECOMUNICACIÓN EN INMOBLES	AMADOR RODRÍGUEZ DIÉGUEZ	ENXEÑERÍA DE SISTEMAS E AUTOMÁTICA
ESTUDO INTEGRAL DAS RÍAS ALTAS II: OCEANOGRAFÍA FÍSICA, SEDIMENTOLOXÍA E CONTAMINACIÓN DAS RÍAS DE RIBADEO, FOZ, VIVEIRO, O BARQUEIRO E ORTIGUEIRA	GABRIEL ROSÓN PORTO	FÍSICA APLICADA
PLATA: PLATAFORMA DE LIBRE ACCESO PARA TECNOLOXÍAS AVANZADAS NA WEB	JOSÉ JUAN PAZOS ARIAS	ENXEÑERÍA TELEMÁTICA
ESTUDO DA FIABILIDADE DE MEDIDA DA PRESIÓN ARTERIAL NO MONITOR "AMBULO 2400", DE TIBA MEDICAL INC, UTILIZANDO O PROTOCOLO INTERNACIONAL	JOSÉ RAMÓN FERNÁNDEZ BERNÁRDEZ	TEORÍA DO SINAL E COMUNICACIÓNS
ESTUDO E ANÁLISE DA UTILIZACIÓN DE BIODIESEL EN MOTORES MARIÑOS DE PROPULSIÓN	SANTIAGO MURILLO ZAPATERO	ENXEÑERÍA MECÁNICA, MÁQUINAS E MOTORES TÉRMICOS E FLUÍDOS
PROXECTO DE INVESTIGACIÓN ELISA-ENTORNO DE LOCALIZACIÓN INTELIXENTE PARA SERVICIOS ASISTIDOS: ESTADO DA ARTE E MELLORA DE TECNOLOXÍAS	FRANCISCO JAVIER GONZÁLEZ CASTAÑO	ENXEÑERÍA TELEMÁTICA
SISTEMA INTELIXENTE DE PLANIFICACIÓN DE PRODUCIÓN E OPTIMIZACIÓN DA DISTRIBUCIÓN DE PENSOS	JUAN FRANCISCO GÁLVEZ GÁLVEZ	INFORMÁTICA
ELABORACIÓN DE CUESTIONARIOS DE INVESTIGACIÓN, REALIZACIÓN DE PRE-TEST, ANÁLISE DE DATOS, APOIO Á FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN DO PLAN DE E VALIDACIÓN DA FERRAMENTA DE IMPLANTACIÓN	JESÚS FERNANDO LAMPÓN CARIDE	ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E MARKETING

PLATAFORMA DE LIBRES ACCESOS PARA TECNOLOXÍAS AVANZADAS NA WEB (PLATA)	JOSÉ JUAN PAZOS ARIAS	ENXEÑERÍA TELEMÁTICA
DESENVOLVEMENTO DE FERRAMENTAS DE SIMULACIÓN NUMÉRICA DE FLUÍDOS EN SISTEMAS EGR	CONCEPCIÓN PAZ PENÍN	ENXEÑERÍA MECÁNICA, MÁQUINAS E MOTORES TÉRMICOS E FLUÍDOS
ANEXO A CONVENIO DE INVESTIGACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E EMPRESA DE ENERXÍAS RENOVABLES	ENRIQUE VALERO GUTIÉRREZ DEL OLMO	ENXEÑERÍA DOS RECURSOS NATURAIS E MEDIO AMBIENTE
ESTUDO INTEGRAL DAS RÍAS ALTAS II: SEDIMENTOLOXÍA E CONTAMINACIÓN DAS RÍAS DE RIBADEO, FOZ, VIVEIRO O BARQUEIRO E ORTIGUEIRA	MIGUEL ÁNGEL NOMBELA CASTAÑO	XEOCIENCIAS MARIÑAS E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
ESTUDO INTEGRAL DAS RÍAS ALTAS II: OCEANOGRAFÍA FÍSICA, SEDIMENTOLOXÍA E CONTAMINACIÓN DAS RÍAS DE RIBADEO, FOZ, VIVEIRO O BARQUEIRO E ORTIGUEIRA	RICARDO BEIRAS GARCÍA-SABELL	ECOLOXÍA E BIOLOXÍA ANIMAL
